# Fallado o XXVI Certame de poesía "Rosalía de Castro" 2012

O Certame Literario Rosalía de Castro, na súa modalidade de poesía en Lingua Galega e que chegou xa á viséximosexta edición, emitiu o seu fallo. Lista de gañadores e gañadoras no interior.

Por GC Tendencias | Cornellá - Barcelona | 05/12/2012 |

Estes premios para traballos en lingua galega e lingua catalá están organizados pola A.C.G. Rosalía de Castro de Cornellá. Envíannos este fallo para os seus premios en lingua galega:



Presentando o fallo

Primeiro premio: conseguiuno, CRUZ MARTINEZ VILAS de Vigo, polo seu poema titulado “Contemplo o proceso inevitábel da despedida”. Dotación, 500€

Segundo premio: para, YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ de Ourense e residente en Madrid , polo poema “Necrópoles de soños”. Dotación, 300€

Terceiro premio: para, ANXO MENA RODRÍGUEZ, de Carral, polo seu traballo “Vou deixarme de espirais”. Dotación, 200€

Na modalidade de narrativa o mesmo xurado concedeu o premio da NOVENA edición do Certame Rosa Reboredo, ao traballo en Galego presentado por, TITO PÉREZ PÉREZ de A Coruña, polo seu traballo “Ensaio encol da liberdade”. Dotación 500€

Tamén se concedeu unha mención especial ao traballo en Catalán presentado por, ÁNGEL FABREGAT I MORERA titulado “Els herois malvats”

Cornellá- Barcelona 2 de decembro de 2012

¿Gústache esta noticia?

Colabora para que sexan moitas máis activando GCplus

+ Que é **GC plus**? (/introgcplus/) Achegas (/achegas/)

## Comenta

**Texto**

¿Queres deixar un comentario?